

Dous golpes de *Inversa Teatro**

Ester F. R./ Martiño G. R.

** A autora e maillo autor desta crítica afastámonos á mantenta da normativa vixente alí onde esta entra en conflito coa pronuncia popular da nosa lingua. Isto afeta, en particular, ás formas contratas e ós grupos consonánticos "cultos".*

KAMOURASKA

Con *Kamouraska* Inversa Teatro segue a enfiar o seu proxecto artístico deseñado arredor da denuncia da violencia patriarcal. Pero nesta obra, o ton reflexivo de *Expostas* trastócase nun ton desesperado, desquiciado, cruel e, por veces, esperpéntico. A intensa dor que berran os personaxes só é aturable para @s espetador@s gracias á sorna e ó desenfado. Nalgunhas escenas, de maneira moi evocadora, o grito de raiba e desesperación é afogado por unha música aínda máis forte. Se *Expostas* presentaba ós personaxes atuando na sociedade, *Kamouraska* preséntaos nunha especie de limbo fóra do espazo e do tempo. Neste lugar sen nome acórdalles toda a dor da vida pasada e tratan de botala fóra. Senten morriña dun lugar ó que pertencer e falan da casa familiar como se se tratase dun refuxio, sen lembrala violencia alí vivida, a cal, malia todo, é espresada duramente noutras escenas da obra. En varias ocasións enuméranse, cúspense de vez, tódalas formas de violencia padecidas: a violencia sexual, a familiar, a da guerra, etc.

Perante a opresión vivida nas relacións cos homes ábrese a posibilidade dunha vida en soidade: "Por que hai que agardar a atopar a alguén pra vivila vida?", pregúntase un dos personaxes. "Se David pode vivir sen min, eu tamén podoo vivir sen David", afirma outro. O amor "romántico", é dicir, o amor tal cal o entende esta sociedade, é criticado de forma demolidora. Nunha escena de marcado carácter humorístico un dos personaxes fai unha

parodia do “frechazo”, facendo rir ó público. Reducido á súa concreción, desprovisto de tódolos elementos misticadores que o arrodean, o “frechazo” desvélese como un mero ritual social no que a muller se acaba poñendo a disposición do home. Cambiando de ton, a obra entretense noutra escena coa seguinte reflexión: e logo, temos que pensar que somos nós as que non temos corazón se non atopamos a ningún dino de ser amado? ¿Quen ten a culpa?

“Quen ten a culpa?”, pregúntanse varios personaxes en distintas réplicas. Quen ten a culpa cando as relacións de poder están espalladas por todo o tecido social? Esta pregunta orienta ó público cara a cuestión da verdadeira natureza do poder masculino, que reside en todas partes e en ningunha. Ó se dispersar, a violencia ocúltase: “Podo facerte chorar só con ser amable”. E unha vez máis, o corpo. O corpo rexeitado, desprezado, un corpo noso que é doutros, un corpo prisión. Pero tamén un corpo que se rebela, que loita, que boxea metaforicamente coa realidade.



EXPOSTAS

Expostas é unha obra sobre a violencia patriarcal. Pero, máis que tratar da violencia visible e cuantificable, o que fai é abordala violencia invisible, simbólica e sutil que caracteriza ó sistema da dominación masculina. E nisto reside o seu grande mérito: en visibilizalo invisible, en romper esa especie de segunda pel que nos envolve e constitúe a nosa propia identidade.

En primeiro lugar, a vivencia do propio corpo por parte das mulleres. Os seus corpos sábense permanentemente medidos, cuarteados, cousificados. Baixo a mirada continua d@s demais, as mulleres viven a distancia entre o seu corpo real e o corpo lexítimo, entre o seu ser e o deber ser instituído nos canons de beleza sociohistóricos. Este ollo esterno proxectado sobre o corpo transmúdase en cámara de vídeo en *Expostas*, cámara que entrega @s espetador@s todo o que o seu oxetivo catura. A obra presenta tamén a cuestión da interiorización inconsciente por parte dos personaxes femininos desta heteronomía con respecto do propio corpo, vivida como autoxenreira, como autodestrución que se espresa na propia condenación á soidade ou na entrega resinada a unha sesualidade allea, baseada no dominio e agochada baixo a careta da liberación sesual. Sentimentos e accións estes que non incitan a transformación ningunha, senón á repetición e á reprodución da dominación. Resulta interesante que o único personaxe feminino que parece ter triunfado neste mundo de homes participa de maneira máis ativa que as demais na reprodución do poder masculino. O poder de medir e clasificar ás demais mulleres exprésase á perfección no casting que este personaxe dirixe. O reverso deste poder maniféstase no derrubamento da súa vida privada.

Pero, por outra banda, esta obra de teatro quere apostar pola rutura consciente con esta naturalización da dominación. Neste sentido, un dos personaxes femininos manifesta a súa frustración erótica reclamando directamente á súa parella, o personaxe masculino da obra, outra forma de amor e de sesualidade non cousificadores. Desexa, e así o di abertamente, deixar de ser un oxeto erótico e ser sempre plenamente persoa. Quere vivirla súa sesualidade como unha actividade máis da súa vida, como unha expresión máis da súa persoa: "O amor non se pode separar das cousas", di. O amor, o erotismo, as paixóns e os sentimentos, tal como os aprendemos e os vivimos nesta sociedade, non son espazos liberados da dominación, non son redutos de liberdade, senón un ámbito no que a dependencia se asume íntima e inconscientemente. Un personaxe guíndanos esta frase de maneira incisiva: "Toda declaración de amor é unha forma de humillación".

Esa insidiosa reprodución do poder sostida polas propias mulleres contra as demais e contra si mesmas supérase gracias a unha profunda crítica da insolidariedade e do egoísmo: "Os outros non existen... Os outros somos nós", di lucidamente un dos personaxes. Velaquí unha das chaves da conciencia transformadora: cada unha de nós somos tódalas mulleres.

Expostas preséntanos a mulleres cunha identidade persoal fráxil derivada da falta de chan firme, da ausencia de raíces. O seu ser non ten en que sosterse pra facerse e poder avanzar no mundo. Esta ausencia de raíces encárnase á perfección no personaxe que vive no mar. É a muller do futuro, a muller de despois da destrución do planeta. Esta destrución da Terra está intimamente vencellada á destrución que xera a sociedade do presente, á atomización brutal do noso tempo que é o humus de tódalas formas de opresión, tamén do patriarcado. No medio da enorme tensión dramática da obra, escachamos coa risa pola sorna coa que se critica o falso progresismo de aquel@s que se gaban de ir contracorrente cuando viven, en realidade, plenamente integrad@s e reproducen, polo tanto, a dominación.

